

NOS

XORNAL
DE GALICIA
Suplemento
de cultura
3 de outubro
de 2009
Número 32

XURXO BORRAZÁS

“Os que se opoñen á exportación da literatura galega opuxéronse tamén á Constitución e o divorcio”

O escritor comparte café e letras en Xornal de Galicia con outros dous tradutores, Tareixa Roca e Luís García Soto, ambos os dous do para o oficio da tradución. A Xunta comprométese a retomar as axudas ao sector a final de ano, pero levábaselles mal. *Por Xurxo Borrazás*

Oportunismo e responsabilidade

O pasado mércores, Galicia celebrou o Día Internacional da Tradución. Varios actos públicos, entre eles unha homenaxe á escritora Marilar Aleixandre, convocaron moita xente arredor deste oficio dende as primeiras horas da mañá. Como non podía ser doutro xeito, uns e outros aproveitaron a ocasión para reivindicar unhas axudas, as que facilitan a importación de literatura estranxeira e a exportación da propia, que a Xunta decidira paralizar o pasado mes de agosto. Non sabían que a Consellería de Cultura ía aproveitar tamén a ocasión para anunciar, ás oito da tarde, sen darlles dereito á réplica ou á rectificación, que esta liña de subvencións se vai recuperar cara a final de ano e con máis dotación económica que o ano pasado: 300.000 euros fronte aos 282.000 que se repartiron o ano pasado.

A rectificación da Xunta é unha boa noticia. Non era posíbel renunciar a unhas axudas que permitiran nos últimos anos traer para o galego obras de referencia a todos os niveis e colocar algúns dos autores e as autoras galegas noutras linguas. Non era posíbel estragar tanto traballo feito para goce dos lectores e das lectoras e para riqueza dun sector e da lingua sobre o que está construído. Cómpre, por iso, felicitar a Administración por este exercicio

de responsabilidade.

Outra cousa é que a promesa ofrezca todas as garantías de ser algo máis ca iso, unha promesa, e que anuncialo no Día Internacional da Tradución fose, máis que acaído, oportunista.

Dende logo, os datos

que se ofrecen son poucos. Fálase, iso si, de que a nova convocatoria estará máis dotada que a anterior, pero 300.000 euros é unha cifra redonda, acaída para un titular de prensa pero non tanto para publicar no Diario Oficial de Galicia. Tampouco se di cando se van convocar exactamente, se a final de ano ou algo máis tarde, de maneira que tampouco se pode prever como se van ensarillar as convocatorias, de carácter bianual, unhas detrás das outras. Sexa como sexa, diante dun compromiso asumido publicamente pola Consellería de Cultura non se pode facer outra cousa. Malia a que outras veces non foi así, como no caso dos premios nacionais, finalmente suprimidos, hai que confiar en que o que se di é certo. Cómpre esperar a que o exercicio de responsabilidade chegue até o final. •

A RECTIFICACIÓN DA XUNTA, QUE VAI RETOMAR AS AXUDAS Á TRADUCIÓN, É UNHA BOA NOTICIA

EDITORIAL

3-5 **PORTADA** A tradución, a debate

6-7 **LIBROS** Volve a historia bélica

8 **LIBROS** O último de Rinoceronte

9 **MÚSICA** Crítica de novidades

10-11 **CÓMIC** Miguel Brieva deixa 'El Jueves'

12 **OPINIÓN** Nadie es perfecto, de José Luis Losa

NÓS
Xornal

Director: José Luis Gómez
Coordinación: Iago Martínez
Deseño e maquetación: María Sabaris
Redacción: Rúa Galileo Galilei, 4B
Polígono Industrial A Grela, 15008 A Coruña
Teléfono: 981 100 650 nos@xornaldegalicia.com



CASTELEIRO

Café con Letras

Xurxo Borrazás, Tareixa Roca e Luís García Soto

"A tradución necesita as axudas como as necesita o sector lácteo, ou, polo visto, tamén os bancos"

Tres tradutores, tres persoas que dedican máis ou menos tempo á tradución, conversan en Xornal de Galicia sobre un oficio baixo sospeita. A paralización das axudas ao sector, que a Xunta xa se comprometeu a retomar, sacou o seu traballo de onde debía estar: nas librerías

EnPortada

IAGO MARTINEZ
GALICIA

Coincidindo coa celebración do Día Internacional da Tradución, a Consellería de Cultura anunciou o mércores pasado que retomará a final de ano as axudas á tradución que paralizara en agosto. Un día despois, Xurxo Borrazás, Tareixa Roca e Luís García Soto compartiron mesa e fala en Xornal de Galicia con José Manuel Sande, programador do CGAI e colaborador deste suplemento, e varios membros da redacción. É outro dos cafés con letras organizados en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Por que hai que traducir?

Xurxo Borrazás. Hai que traducir porque a tradución é un sector estratéxico, e como tal é un sector en disputa. Non debería selo, porque en principio calquera estaría de acordo, sendo ou non galego, en que as traducións son unha cousa importante, pero aquí un dos dous polos da disputa é o inimigo: o actual Goberno da Xunta. Cando se presentou publicamente a miña tradución d'*O ruído e a furia* de Faulkner, un escritor galego que non escribe en galego, un destes que ten vara de mando fóra, díxome que a versión era boa pero que lle parecía que Faulkner non encaixaba ben no galego. Que é o que se quere dicir con esta clase de comentarios? Que traducir Por-

ca terra, de John Berger, pode ser axeitado, pola temática e todo iso, pero Faulkner non, que vén ser o mesmo que dicir que o galego vale para a historia pero non para as matemáticas. En definitiva, que o galego non é unha lingua de verdade. Por iso molestan as traducións, porque apuntalan o galego como unha lingua de verdade.

Tareixa Roca. Os lectores dunha lingua poden acceder aos libros a través de dúas, tres ou catro linguas, como moito, así que sempre é necesario traducir, non só para o galego. Non me parece negociábel, non podes dominar todas as linguas.

T.B. Afnda que sería o ideal.


T.R. Si, pero é imposible.

X.B. Eu son partidario de ler nas versións orixinais. Un pode pensar que apoiamos a tradución os que queremos pechar a nosa leiriña, cando é todo o contrario. Nesa presentación do libro de Faulkner había un escritor norteamericano co que todo o mundo falaba en castelán, dicían, por deferencia, cando o tipo non falaba nin unha palabra de castelán. Logo, na cea, resultou que o único que podía falar en inglés era eu.

Luís García Soto. Se todas as linguas traducen, por que non vai traducir o galego? Non traduce a quilos o castelán? O que está en galego debe chegar o máis lonxe posible, e iso non pode acontecer en galego. Un amigo meu viu



TAREIXA ROCA "Non se pode dicir que non hai cartos para traducións. Será que prefiren destinalos a outras cousas"



LUÍS GARCÍA SOTO Se outras linguas traducen, por que non o galego? Non traduce a quilos o castelán?

o outro día un exemplar de *Arraianos*, de Méndez Ferrín, no escaparate dunha librería de Nova York. Paréceme perfecto, pero é unha excepción. Se queremos que chegue de verdade aló, hai que traducir a Ferrín ao inglés. E isto vale para calquera lingua. Se incorporamos a literatura universal, incorporámolo cos nosos moldes, e un molde básico é a nosa lingua.

Son imprescindíbeis as axudas públicas á tradución?

X.B. O ideal sería que as axudas non fosen necesarias, nin para isto nin para nada, pero o certo é que o son, aquí e fóra. Ao día seguinte de que se publicase [*Xornal de Galicia*, 17 de agosto de 2009] que a Xunta aparca estas subvencións, o Ministerio de Cultura anunciaba as súas propias. Todo traballo ten que pagarse, e as tiraxes no mercado galego é evidente que non permiten por si mesmas unha independencia por parte das editoriais, tampouco en España. Necesitan ese apoio como o necesita o sector lácteo, a gandeiría, a industria e polo visto tamén os bancos.

T.R. O que non se pode dicir é que non hai cartos para subvencionar a tradución. Será que non a queren subvencionar para subvencionar os ricos.

X.B. Ao mellor o problema daquel home que descria da miña tradución de Faulkner era ideolóxico. É o que pensa a dereita española en Galicia: para que imos traducir isto ao galego se xa o temos en español? Os ricos non teñen nada en contra dos criados mentres si-gan sendo criados. Pois co idioma, igual: como lingua subalterna, o galego non lles molesta.

Houbo unha certa polémica arredor da publicación en galego d'A *república dos sonhos* (Galaxia, 2004), de Nélida Piñón. Argumentábase sobre a base de que o lectorado galego podía, e debía, acceder ao orixinal en portugués.

L.G.S. Para min sería desexábel que se puidese ler en portugués, igual que un libro escrito orixinalmente en castelán debe ser lido en castelán. Hai que ver, con todo, de que clase de libros falamos. Se é un manual de pediatría escrito en castelán, gánase coa tradución. Un libro de creación? É mellor gozar del na lingua orixinal. A lingua da que máis se traduce ao galego é o castelán, e o que máis se traduce son contidos non literarios, como libros de texto.

X.B. Outro problema do portugués é que non hai simetría. Nós podemos ler en portugués, e facémolo, pero eles non. Mesmo rexeitan as lecturas en galego. A min parécenme prescindíbeis as traducións do portugués ao galego.

T.R. Non son prioritarias, de acordo, pero eu teño que defender o meu. Un dos meus últimos traballos foi seleccionar e traducir ao galego poemas de César Antonio Molina. Evidentemente, non é de todo imprescindible, e seguro que economicamente non é rendíbel porque todos podemos ler en castelán, pero na liña de normalizar a lingua ten sentido.

A tradución estresa a lingua, porque obriga a describir outras zonas do real e iso crea, ou a trae ao primeiro plano, un léxico maior, máis vizoso. Porén, o que moitos perciben como un luxo, outros perciben como unha agresión. Ven unha lingua inventada.

T.R. Un falante normal emprega unha media de 500 palabras, pero o dicionario de galego no que eu traballei contén máis de 120.000, e están aí porque alguén as utiliza. Nesa comparación está a resposta.

Coa profesionalización dos tradutores en Galicia, perderon espazo as traducións de autor?

X.B. Non o creo. A diferenza está no que se busca. Supoño que haberá tradutores profesionais cunha especial sensibilidade, pero eu creo que o que busca unha editorial cando lle encarga unha versión a un escritor é algo distinto.

Nos profesionais, se cadra buscan fidelidade ao orixinal e uns prazos máis inmediatos, e no dos autores, talvez, conseguir un texto máis literario que fiel.

A diferenza tamén pode estar en que na tradución de autor a iniciativa pode non ser da editorial senón de quen traduce, mentres que a outra responden a unha planificación, chamémoslle así, "de empresa".

X.B. Si, pero sempre é máis a editorial a que encarga. Eu, cando estaba na facultade púxenme a traducir *Xente de Dublín*, de Joyce, e cando xa levaba medio libro publicouno Xerais noutra versión. Non se debe traducir así. Proponer si, pero traducir pola túa conta, non.

L.G.S. A nosa experiencia é a contraria. Traducimos porque vemos algo interesante e llelo propoñe-

mos ás editoriais. Volvendo a esa dicotomía entre as traducións de autor e de tradutor, se cadra as de tradutor responden máis á fidelidade e as do autor á autenticidade, buscan que o texto soe ben na lingua de chegada.

X.B. É unha disxuntiva irresolúbel. Eu lin traducións boísimas de tradutor e algunha de autor que teño catalogada como a peor do mundo. No caso de Faulkner, por exemplo, tomeime moitas liberdades. Fixen esa tradución coma se escribise un libro meu. De feito, cando me preguntaban en que andaba, contestaba que estaba escribindo unha novela titulado "O ruído e a furia".

Onde parece que hai máis vacío en Galicia é na tradución de ensaio. É máis difícil? Máis caro? Interesa menos?

L.G.S. Supoño que ten máis dificultades o libro de ensaio que non poida ir directamente ao ensino, en calquera nivel. Iso inflúe moito á hora de que alguén se arrisque ou non a editar ensaio traducido.

X.B. O espazo natural da tradución de ensaio está na universidade e nas revistas. Dadas as dimensións do mercado que temos, ese é o lugar.

L.G.S. Na universidade o que se fai é apostar ao seguro. O que se traduce é o consagrado. Libros que sexan de referencia en distintos campos.

X.B. Non esquezamos que temos unha editorial cun catálogo potentísimo de ensaio como é Laiovento.

Se cadra para ese caste de traducións, que se botan moito a faltar, como dixo unha vez nesta mesa Ma-

ría do Cebreiro, para estarmos no noso tempo, precisase dun tradutor máis especializado.

L.G.S. Por suposto. Eu tamén podería poñer algún exemplo de traducións execrábeis no campo da filosofía. Calas para non prexudicar a ninguén, pero hai cousas malísimas. Os conceptos elementais que se pretenden comunicar, ás veces, están traducidos ao revés.

X.B. Aí o que chamamos "tradución de autor" debiera ser preceptiva.

L.G.S. Cando Tareixa e mais eu traducimos unha enciclopedia de bioética que nin sequera está hoxe en castelán, tivemos moitas dificultades. É unha materia moi especializada, e hai que estar preparado. En castelán fálase, por exemplo, de "células madre", cando a tradución mellor é "células

XURXO BORRAZÁS

Escritor e tradutor en lingua galega

CARBALLO, 1963

Foi Premio da Crítica Española pola novela *Criminal* en 1994 e Premio da Crítica en Galicia en 2007 polo ensaio *Arte e parte*. Traduciu a Henry Miller e William Faulkner.



"Por iso molestan as traducións, porque apuntalan o galego como unha lingua de verdade"

AXUDAS Á TRADUCIÓN.

"O ideal sería que as axudas non fosen necesarias, nin para isto nin para nada, pero o certo é que o son. A tradución necesita apoio como o necesita o sector lácteo, a gandeiría, a industria e, polo visto, os bancos".

DEREITA.

"Non se poden analizar as axudas á tradución desvinculadas da política cultural nin da política en xeral. Os que se opoñen á exportación da literatura galega opuxéronse antes á Constitución e logo ao divorcio e logo aos anticonceptivos. A todo".

TAREIXA ROCA

Tradutora e profesora de Secundaria

QUITIRIZ, 1956

Verteu ao galego os versos de César Antonio Molina en *Soños nos cantís* e *Eume*. Participou na tradución da *Nova enciclopedia de bioética* xunto a Luís G. Soto.



"Un falante manexa 500 palabras, pero o dicionario de galego ten 120.000"

PLURILINGÜISMO.

"Os lectores dunha lingua poden acceder aos libros a través de dúas, tres ou catro linguas, como moito, así que sempre é necesario traducir, non só para o galego".

IMPORTACIÓN DO CASTELÁN.


"Un dos meus últimos traballos foi seleccionar e traducir ao galego poemas de César Antonio Molina. Evidentemente, non é de todo imprescindible, e seguro que economicamente non é rendíbel porque todos podemos ler en castelán".

LUÍS GARCÍA SOTO

Profesor de Filosofía na USC e tradutor

A CORUÑA, 1956

Autor de ensaios como *Paz, guerra e violencia* ou a recente *O espírito da letra. Nove achegas filosóficas a textos literarios*.



"Parécese importante levar o libro galego alí onde poida haber unha mínima recepción"

DÚAS ESCOLAS. "En canto á dicotomía entre as traducións de autor e de tradutor, se cadra as de tradutor responden máis á fidelidade e as de autor á autenticidade, buscan que o texto soe ben na lingua de chegada".

ESCASA RENDIBILIDADE. "É certo que hai unha política de imaxe exterior que consiste en montar o tenderete por aí. Móntanse mesas redondas sobre a literatura galega en sitios onde non saben que existe o galego".

troncais", que ademais non ten ese xuízo de valor que vén implícito no uso de "madre". É ben distinto dicir "enucleación dunha célula troncal" que dicir "manipulación dunha célula nai", verdade?

Pasa a miúdo que certos conceptos que consumimos deturpados a través do castelán se traducen doutro xeito para volver ao orixinal?
L.G.S. Si, pasa moito. Tes que ser fiel ao orixinal pero tamén á ciencia, e melloralo na tradución. Neste caso optamos polo rigor.

Falamos de importar, pero o seu reverso é a exportación de literatura galega a outras linguas. É iso o que máis molesta a certos sectores das axudas á tradución?
X.B. Molesta todo. Non se poden analizar as axudas á tradución desvinculadas da política cultural,

nin a política cultural desvinculada da política en xeral. Os que se opoñen á exportación da literatura galega opuxéronse antes á Constitución e logo ao divorcio e logo aos anticonceptivos. A todo. De todos os xeitos, creo que os autores traducidos cara a fóra somos os menos beneficiados. Hai un beneficio simbólico, pero para o sistema, non para os autores. Eu son dos que cre que todas as axudas á lectura ou á creación teñen que darse dentro. É o natural. Eu quero que se me lea aquí. A min as traducións non me quitan o sono.
L.G.S. De todos os xeitos é importante. Estou de acordo en que se non conseguimos sacar as cousas adiante aquí non hai nada que facer. Non por triunfar en Xapón vai deixar de se afundir o barco. Con todo, a posibilidade de darse

a coñecer fóra, sobre todo cando hai un certo interese no potencial receptor, é importante. É certo que hai unha política de imaxe exterior que consiste en montar o tenderete por aí que non leva a nada, que é pura maquiaxe. Móntanse mesas redondas sobre a literatura galega en sitios onde non saben nin que existe o galego. Parece que o montou unha universidade de fóra e logo é mentira, montouno a Xunta co nome dunha universidade.

X.B. Como as medallas que lle daban a Aznar nos Estados Unidos, que se pagaban.

L.G.S. Resulta difícil verlle a rendibilidade a cousas así.

X.B. A música ou o audiovisual son máis facilmente exportábeis que a literatura. No mercado anglosaxón, por exemplo, a importación supón unha porcentaxe ridícula, un dous ou un tres por cento a repartir entre todas as linguas do mundo.

L.G.S. Con todo, parécese importante levar o libro galego alí onde poida haber unha mínima recepción. Os escritores galegos deben ser coñecidos tamén fóra.

X.B. Mellor sería incentivar a quen tivese ese tipo de iniciativas dende fóra e non deseñalas dende aquí.

E se non aparece ese interese primeiro?

L.G.S. Dáse, dáse. Ao mellor ao principio é pouco e logo máis. Algo hai que incentivar, pero hai un límite. Cal é ese límite? Crear unha imaxe detrás da que non hai nada, absolutamente nada. Iso si que non.

X.B. Os lectorados de galego que hai polo mundo son focos de interese. Aí si que hai campo.


Na anterior lexislatura, a exportación da literatura galega foi central na xestión da Consellería de Cultura. Unha valoración dese tempo político?

X.B. Noutros campos foi máis efectivo ese proxecto que no literario. Non sei se os resultados tan xibéis foron tan excelentes como a decisión de implementar esa política. Quizais se cometeu o erro de deseñar esa política dende aquí. Tomáronse decisións de opcións e seleccións que non lle correspondían a unha administración, que ten que moverse con criterios máis universais. Iso fala dun déficit do sistema.


L.G.S. Os erros pasados son para aprender. Eu non botaría leña no lume sobre iso. Hai que pensar que facer no futuro. Non me



BORRAZÁS "Todo está claramente deseñado. É unha política clasista e antigalega"



ROCA "As versións do castelán ao galego non son prioritarias, pero tamén ían pola normalización"



GARCÍA SOTO "A min non me parece mal que se vaia ás feiras da Habana ou de Guadalajara"

gusta autoflaxelarme con esa experiencia, da que eu fun espectador, sen involucrarme. Eu non removería nada.

X.B. Non vou dicir de silencio, pero si que houbo un certo código de respecto, e eu creo que hai que sacar as cousas e falalas. Se algo non nos gusta non podemos calar e dicir que aprendemos.

L.G.S. Si, había que sacalas, pero sacalas daquela.

X.B. Pois eu sácoas, e daquela tamén. E non fun espectador. Fun convidado a ir a América e a Francfort e rexeiteino, como o rexeitaba antes do bipartito, cos

gobiernos do PP. A min non me planifica os actos culturais unha consellería.

Pero no caso do castelán e o Goberno español, esta caste de políticas non escandalizan a ningún nin sequera xeran tirapuxas políticas. Todo o contrario: está completamente asumido que isto vén no paquete "nación". Porén, no caso galego, houbo un verdadeiro asañoamento.

X.B. Parécese ben que houbese asañoamento, porque se aprendeu moito e hai cousas que non repetiría.

L.G.S. Non estou de acordo. Un pode discrepar da política cultural que faga unha consellería ou un ministerio, pero teñen que facela. Ese tipo de accións, como pode ser ir á Feira da Habana ou á de Guadalajara, dá igual, non me parecen mal.

T.R. É a única maneira.

X.B. O que pasa é que despois, onde eu vivo, no barrio das Travasas de Vigo, temos que coller un taxi para ir a unha biblioteca.

Erros deste tipo ían da man de erros doutro tipo, e todo axudaba. A min todo me axudaba.

A oposición bateu na ex conselleira de Cultura todo o que quixo a respecto da promoción da cultura galega no exterior, pero agora parece que as liñas xerais van ser as mesmas.

X.B. Estou seguro de que todo o que vaia facer o PP me vai parecer mal. Partindo desa base, non creo que haxa improvisación nin paus de cego. Hai paus, pero non de cego. Todo está claramente deseñado. É unha política clasista e antigalega. A estratexia do goberno vai ser a de ir soltando corda pouco e pouco. Vailles compensar. Darán uns cartiños aquí e outros alí. Primeiro dirán que non a todo e logo irán cedendo. Primeiro estudarán até onde poden chegar e logo actuarán en consecuencia. ■